



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL N.º 10, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1.–Natureza e fundamento.

De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real decreto legislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL en diante), o Concello de Moeche establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos termos regulados na presente Ordenanza.

Artigo 2.–Feito imponible.

1.–Constitúe o feito imponible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, presentáranse ou non, sempre que a expedición da licenza ou actividade de control corresponda a este Concello. Os actos de edificación e usos do solo que requiran licenza ou presentación de comunicación previa son os previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na normativa que a desenvolve.

2.–Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza citada no apartado anterior, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

3.–Terán a consideración de obras maiores, entre outras actuacións:

- Movemento de terras, tales coma desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns dragaxes, defensas de ríos e rectificación de leitos, abancalamentos.
- Obras de construción, edificacións e instalacións de nova planta.
- Obras de ampliación de edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- Obras e usos que se teñan que realizar con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán demolerse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización.
- Obras de demolición.
- Obras en edificacións, tanto as que modifican a disposición ou a estrutura interior ou exterior e instalacións existentes, como as que modifiquen o aspecto externo.
- Aliñacións e rasantes.
- Obras de fontanería e sumidoiros.
- As instalacións subterráneas dedicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- As obras de construción de infraestrutura civil, agás que estes actos fosen detallados e programados coma obras a executar nun plan especial ou nun instrumento de ordenación territorial, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.

- As construcións nas zonas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.
- A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, agás que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para a dita finalidade.
- Obras en cemiterios.
- A instalación de invernadoiros.
- As obras de instalacións de servizos públicos e, en xeral, as relacionadas coa urbanización, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña de licenza outorgada.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.
- As obras de apertura de accesos a parcelas en solo rústico, agás as autorizadas polo organismo competente en materia agraria e/ou forestal.
- Instalación de elementos permanentes, tales coma postes, torretas, etc., de telefonía móbil, transmisións e similares, sobre inmobles.
- Calquera outra construción, instalación e obra que requira licenza urbanística segundo a lexislación vixente.

Artigo 3.-Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e mailas entidades a que fai referencia o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, propietarias dos inmóbeis sobre os que se realicen as construcións, instalación ou obras, sempre que sexan donos das obras, no resto dos casos, considerarase contribuínte quen posúa a condición de dono da obra, construción ou instalación.

2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite a licenza ou presente a correspondente declaración responsable ou comunicación previa ou realice a construción, instalación ou obra, se non fosen os propios contribuíntes.

Artigo 4.-Base imponible, cota, tipo de gravame e devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construcións, instalación ou obra e enténdese por tal para estes efectos o custo de execución material da obra. Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

1. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

2. O tipo de gravame será progresivo segundo a base imponible indicada na seguinte táboa.

- Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material inferior a 300.000,00: 2,5%.
- Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material igual ou superior a 300.000 e inferior a 800.000,00: 3%.
- Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material igual ou superior a 800.000: 4%.

4. A obriga de contribuír nace no intre de comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que comece sen ter obtido a licenza que proceda.

Para os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fose concedida a preceptiva licenza municipal; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ó mes da data da resolución.

5.-Producirase o pagamento do imposto aínda que a concesión da licenza veña imposta polas normas que regulan o silencio administrativo positivo

Artigo 5.-Exencións e bonificacións.

5.1.-**Exencións.**-Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas á estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboación e das

súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de investimento novo coma de conservación.

5.2.–Bonificacións.

5.2.1.–En virtude das atribucións conferidas polo artigo 103.2 D.1.1) TRLRFL, establécense as seguintes bonificacións:

a) Establécese unha bonificación do 50% a prol das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifique tal declaración. A dita declaración corresponderá ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

b) Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial. Para o goce desta bonificación, o suxeito pasivo deberá aportar, no momento previo á retirada da licenza, a cédula de cualificación provisional como VPO emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

c) Establécese unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, sempre que as mesmas non deriven de obrigas impostas polas normas urbanísticas ou de calquera outra natureza, e se dirixan á adaptación das vivendas cando a súa execución derive directamente da situación de discapacidade das persoas físicas que as habiten. En todo caso entenderase que favorecen as condicións de habitabilidade as que cumpran os requisitos que para esta materia establece a lexislación específica, quedando todo isto suxeito ó preceptivo informe técnico. A porcentaxe de bonificación será sobre o custe real das obras desta clase que directamente se dirixan a executar a dita adaptación.

5.2.2.–Correspóndelle ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade á realización do feito imponible.

5.2.3.–As porcentaxes das ditas bonificacións non poderán ser acumulativas, aplicándose no seu caso, a máis beneficiosa para o suxeito pasivo.

5.2.4.–A solicitude de bonificación deberá achegar a documentación requirida polo departamento xestor do imposto, así como declaración expresa da obriga de comunicar o inicio e o final das obras, e de mantemento das condicións de uso ou destino autorizado e das condicións que xustifican a bonificación.

5.2.5.–No caso de non realizarse as obras que integran o aspecto obxectivo da bonificación, deberá abonarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da bonificación practicada e os intereses devengados. A tal fin, a administración municipal, poderá comprobar a adecuación das obras efectuadas coa actuación da construción bonificada, así como realizar cantas actuacións de policía considere oportunas para acreditar o goce do beneficio

5.3.–As construcións, instalacións ou obras que se inicien sen terse concedido a licenza municipal –sempre e cando sexa preceptiva, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, no seu caso, non poderán acollerse aos beneficios fiscais previstos neste artigo.

Artigo 6.–Normas de xestión.

6.1.–Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e a edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que se acompañen a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, nos termos do artigo 8 da presente ordenanza fiscal.

6.2.–Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra e non tivesen presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tivesen concedida aínda a licenza preceptiva teñen a obriga de presentar, no prazo máximo de quince días, a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar a esta Administración a correspondente liquidación provisional a conta. A base imponible determinarana os servizos técnicos municipais atendendo os custes reais de execución material en base ós prezos medios de mercado A liquidación comunicaráselles aos interesados para que procedan a ingresala na tesourería municipal nos prazos previstos pola lexislación tributaria. O pagamento da taxa non implicara, en ningún caso a concesión da licenza.

6.3.–A base imponible para a autoliquidación e liquidación do imposto, determinarase en función do orzamento presentado polas persoas interesadas, salvo que se estime que o presentado é manifestamente inferior ó custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, en cuxo caso farase a determinación da base imponible atendendo os custes reais de execución material determinados polos servizos técnicos municipais en base ós prezos medios de mercado.

6.4.–O procedemento de xestión do tributo será diferenciado, así:

6.4.1.–Réxime de autoliquidación:

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construción, instalacións e obras para cuxa realización se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Así, o suxeito pasivo está obrigado a presentar xunto coa declaración responsable ou comunicación previa, a autoliquidación no modelo normalizado facilitado polo Concello e o xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante. No suposto de que na autoliquidación presentada se detectasen erros aritméticos, formais ou de aplicación dos elementos determinantes da base imponible ou do tipo de gravame a Administración tributaria poderá ditar unha liquidación complementaria modificando a citada autoliquidación.

No caso de que a corresponde declaración responsable ou comunicación previa non obtivese o visto e prace, e se deixase sen efecto en aplicación do procedemento establecido no artigo 26 da Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade económica de Galicia, os suxeitos pasivos terán dereito a devolución das cotas satisfeitas, previa solicitude.

6.4.2.–Réxime de liquidación de ingreso directo:

Establécese o réxime de liquidación de ingreso directo para o suposto de realización de construción, instalación e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística. Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha liquidación provisional que será notificada ao suxeito pasivo para o seu pago nos prazos fixados pola lexislación tributaria.

Este mesmo réxime será o aplicable para os supostos de que a realización de construción, instalación e obras derive do cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión.

6.5.–O pagamento da autoliquidación presentada ou modificada ou da liquidación provisional aprobada terán carácter provisorio e serán a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez realizadas as construción, instalación ou obras. Así, unha vez rematadas estas, e tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado primeiro deste artigo, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.

6.6.–No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito a devolución das cantidade, que no seu caso tivese satisfeitas en concepto de imposto sobre instalación, construción e obras, sempre e cando formule renuncia expresa a licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa. Do mesmo xeito terá dereito a devolución do ingresado logo da renuncia expresa a realización das obras nos supostos de preentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

6.7.–Nos casos en que non se presente o presuposto visado xunto coa solicitude de licenza ou comunicación previa, e o presuposto presentado sexa manifestamente inferior ó custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, a criterio dos servizos técnicos municipais, a base imponible determinarana os servizos técnicos municipais en función dos prezos modulares establecidos no anexo da presente ordenanza, a liquidación comunicarase os interesados para que procedan a ingresala na tesourería municipal nos prazos previstos pola lexislación tributaria.

6.8.–Cando se inicie a construción, instalación ou obra, non se solicitase, concedese ou denegase aínda licenza ou sen presentarse a comunicación previa, a base imponible determinarana os servizos técnicos municipais en función dos prezos modulares establecidos no anexo da presente ordenanza, a liquidación comunicarase os interesados para que procedan a ingresala na tesourería municipal nos prazos previstos pola lexislación tributaria. O pagamento da taxa non implicara, en ningún caso a concesión da licenza.

Artigo 7.–Inspección e recadación.

A inspección e recadación do imposto realizarase de conformidade co previsto na Lei xeral tributaria e demais Leis reguladoras da materia e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 8.–Infraccións e sancións.

En todo o referente á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas corresponda en cada caso; estarase ó réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenrolan.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras deste Concello.

Disposición final

A presente ordenanza foi aprobada o día 21 de outubro de .2021, e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Moeche, a 7 de decembro de 2021.

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras

2021/8515